

Procedemento de matrícula en materias optativas

Curso 2024/2025

Plan Estudos G730 (PCEO)

**PROCEDIMIENTO DE PREINSCRIPCIÓN E MATRÍCULA EN MATERIAS
OPTATIVAS - FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE**

**CURSO 2024/2025 – PROGRAMA CONXUNTO DE ESTUDOS OFICIAIS DE
GRAO (PCEO) DO GRAO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE
EMPRESAS E DO GRAO EN DEREITO (G730)**

Os/as alumnos/as do Programa Conxunto de Estudos Oficiais de Grao (PCEO) do Grao en Administración e Dirección de Empresas e do Grao en Dereito deben cursar polo menos 1 materia optativa (6 ECTS) do primeiro ou do segundo período que se elixirá entre a oferta de optativas do Grao en ADE ou do Grao en Dereito.

O presente procedemento regula exclusivamente a preinscripción e matrícula en MATERIAS OPTATIVAS DO GRAO EN DEREITO.

1. Preinscripción nas materias optativas (véxase o ANEXO I)

Antes de que se abra o prazo de matrícula para o curso 2024/2025, o alumnado de continuación que desexe matricularse nas **materias optativas** no **Grao en Dereito** deberá realizar unha **preinscripción** entre os días **4 e 8 de xullo**. A devandita preinscripción consistirá, dependendo da situación na que se atope o alumnado:

- a) En cumprimentar un Formulario electrónico que se habilitará por parte dos servizos da Universidade de Vigo, no seu caso, antes do período de preinscripción.
- b) En cumprimentar un Formulario en papel que se poderá atopar ou na **páxina web** ou na **Secretaría de Alumnado da Facultade de Dereito (ANEXO II)**.

En ambos os dous casos, o alumnado para matricularse nas materias optativas, deberá ter superado un número mínimo de 120 ECTS. En ambos os dous casos, o alumnado deberá indicar en primeiro lugar o número máximo de créditos de materias optativas nas que desexa matricularse (**máximo 6 créditos**), e a continuación deberá escoller as materias concretas, indicando a preferencia entre elas.

É obrigatorio que o alumnado indique a orde de preferencia entre as 12 MATERIAS OPTATIVAS, independentemente do número máximo que desexe cursar. De non ser así, arriscaríase a que non queden prazas vacantes das materias optativas da súa preferencia no mes de setembro, segundo o procedemento de asignación descrito a continuación.

O alumnado que xa se matriculara dunha materia optativa en cursos anteriores e non a teña superada non deberá facer a solicitude de preinscripción, polo que poderá matricularse directamente.

2. Procedemento de asignación das materias optativas

O procedemento de asignación ao alumnado das materias optativas realizarase **do 19 ao 24 de xullo**, concluíndo cunha Resolución Decanal da Facultade onde aparecerá a listaxe de materias optativas asignadas a cada estudante.

O alumnado poderá coñecer a Resolución coa asignación das materias a través do Portal Académico onde se publicarán os resultados do proceso de asignación de materias optativas.

O procedemento de asignación rexeráse polos seguintes criterios, aplicados segundo a orde de prelación que se sinala:

Nota media en base 10, calculada a data de 1 de xullo de 2024 (actas de cualificacións do primeiro e segundo cuadrimestre). No caso do alumnado de intercambio propio no Curso Académico 2023/2024 (SICUE, ERASMUS, etc.) e dos traslados doutros Centros, a nota media tamén se calculará a data de 30 de xuño de 2024, pero tendo en conta soamente as cualificacións que consten nese momento no seu expediente académico.

3.- Prazas vacantes

Poden quedar prazas vacantes en todas ou en algunha/s materia/s optativa/s:

- como consecuencia do proceso de asignación de materias optativas levado a cabo no mes de xullo

- se, unha vez asignadas as prazas no mes de xullo, o alumnado admitido non formaliza a matrícula das mesmas no prazo ordinario establecido na convocatoria de matrícula.

O alumnado poderá coñecer as prazas vacantes das distintas materias optativas - se as houberse- a partires do día 10 de setembro de 2024 (**data condicionada polo prazo de matrícula de convocatoria correspondente**), a través da publicación dese dato.

Só poderán preinscribirse das materias optativas con prazas vacantes **en setembro**:

- a) As/os estudantes que **non se preinscribieran de ningunha materia no mes de xullo**.
- b) As/os estudantes que **sí se preinscribiron** no mes de xullo, **pero** que no correspondente prazo **non formalizaron a matrícula de ningunha optativa**. Neste caso, abondaría con que a/o estudante formalizase a matrícula dunha soa das materias optativas para quedar excluída/o do proceso de preinscripción do mes de setembro

O alumnado que cumpra os anteriores requisitos e desexe matricularse de materias optativas con prazas vacantes no mes de setembro **deberá realizar unha preinscripción** entre os días **16 e 17 de setembro de 2024 (data condicionada polo prazo de ampliación de matrícula da convocatoria correspondente)**.

O procedemento de asignación ao alumnado das **materias optativas vacantes** realizarase o **20 de setembro**, concluíndo cunha Resolución Decanal da Facultade onde aparecerá a listaxe de materias optativas con prazas vacantes que lle foron asignadas a cada estudante. O procedemento de asignación rexeráse polos criterios reflectidos no punto 2 deste procedemento.

O alumnado que sexa admitido no mes de setembro, como consecuencia do proceso de **asignación de prazas vacantes**, disporá unicamente do prazo establecido para modificacións de matrícula de materias do 1º e 2º cuadrimestre para matricularse de dita/s materia/s. Non poderá matricularse en ningunha outra data de modificación de matrícula.

4.- A Comisión Permanente poderá actualizar as datas e o límite de prazas deste procedemento e informará de tales actualizacións aos membros da Xunta de Facultade.

ANEXO I.- INFORMACIÓN RELATIVA AS MATERIAS OPTATIVAS

Para superar o Programa Conxunto de Estudos Oficiais de Grao (PCEO) do Grao en Administración e Dirección de Empresas e do Grao en Dereito, o alumnado **terá que superar 6 créditos de materias optativas.**

Segundo a memoria do Programa Conxunto de Estudos Oficiais de Grao (PCEO) do Grao en Administración e Dirección de Empresas e do Grao en Dereito, o alumno deberá cursar 1 materia optativa (6 ECTS) do primeiro ou do segundo período que se elixirá entre a oferta de optativas do Grao en ADE ou do Grao en Dereito.

No Grao en Dereito, integran a referida oferta de optativas as materias seguintes:

Cód.	Nome	Créditos	Límite Prazas*	Cuadri	Curso
23243	Argumentación e interpretación xurídica	6	7	1SG	5º
23244	Sistemas xurídicos contemporáneos: Dereito continental e Dereito anglosaxón	6	7	1SG	5º
23245	Dereito de defensa da competencia	6	7	1SG	5º
23246	Dereito penal e procesual de menores	6	7	2SG	5º
23247	Criminoloxía e dereito penitenciario	6	7	2SG	5º
23248	Dereito de danos e responsabilidade civil	6	7	2SG	5º
23149	Prácticas externas	6	2	2SG	5º
23241	Dereito mercantil europeo	6	7	1SG	5º
23242	Libre circulación de traballadores e políticas sociais europeas	6	7	1SG	5º
23238	Unión europea, Constitución e medio ambiente	6	7	1SG	5º
23329	Dereito tributario da Unión Europea e internacional	6	7	2SG	5º
23240	Litigación internacional e sostibilidade	6	7	2SG	5º

* O número de prazas poderase modificar en función do número final de preinscritos

O Centro **garantirá que a/o estudante se poida matricular no Curso Académico de todos os créditos optativos necesarios para** superar o Programa Conxunto de Estudos Oficiais de Grao (PCEO) do Grao en Administración e Dirección de Empresas e do Grao en Dereito.

En todo caso, a preinscripción e matrícula deberán efectuarse previa consulta dos horarios do curso correspondente no Grao en Dereito e así mesmo no Grao en ADE, procurando o/a alumno/a a compatibilidade horaria de todas materias obxecto de matrícula.

ANEXO II.- PREINSCRIPCIÓN DE MATERIAS OPTATIVAS

Este formulario só terá que cumprimentalo o **alumnado procedente doutros centros que teña previsto cambiarse ou trasladarse no Curso Académico 2024/25 á Facultade de Dereito de Ourense**. Unha vez cumprimentado, a/o estudante presentarao na Secretaría de Alumnado da Facultade de Dereito de Ourense **coa data límite de 8 de xullo de 2024**.

D./ Dna , con DNI , correo electrónico e teléfono

FAI CONSTAR QUE:

1º.- O número máximo de créditos de materias optativas nas que desexo matricularme no Curso Académico 2024/25 é de 6 créditos.

2º.- Solicita a admisión por orde de preferencia nas seguintes materias – aconséllase relacionar segundo a súa preferencia todas as materias ofertadas-

Orde de prelación (1-12)	Nome	Cuadri.	Núm. Créd.
	Argumentación e interpretación xurídica	1SG	6
	Sistemas xurídicos contemporáneos: Dereito continental e Dereito anglosaxón	1SG	6
	Dereito de defensa da competencia	1SG	6
	Dereito penal e procesual de menores	2SG	6
	Criminoloxía e dereito penitenciario	2SG	6
	Dereito de danos e responsabilidade civil	2SG	6
	Prácticas externas	2SG	6
	Dereito mercantil europeo	1SG	6
	Libre circulación de traballadores e políticas sociais europeas	1SG	6
	Unión europea, Constitución e medio ambiente	1SG	6
	Dereito tributario da Unión Europea e internacional	2SG	6
	Litigación internacional e sostibilidade	2SG	6

En, a de de 2024

Asdo.:

SRA/SR. DECANA/O DA FACULTADE DE DEREITO.